

## 1ª XORNADA

## PROBLEMA 2

### *DE QUE COR É A LUZ?*

Nesta suma cada letra representa un número.

Non pode haber dúas letras que representen o mesmo número nin dous números distintos representados pola mesma letra.

Adiviña que número lle corresponde a cada letra.

$$\begin{array}{r} \text{LUZ} \\ \text{LUZ} \\ \text{LUZ} \\ + \text{LUZ} \\ \hline \text{AZUL} \end{array}$$

## 1ª XORNADA

## PROBLEMA 3

### *O MARCO DO DOMINÓ*

A figura mostra un marco cadrado formado por fichas de dominó, as 28 de que consta e 7 por lado, das que se borraron os puntos. Se, utilizando esta figura, se emparellan debidamente as fichas, poden resultar moitas combinacións. No caso concreto deste problema, trátase de emparellalas de xeito que a suma dos puntos de cada un dos lados sexa exactamente 44. Pode empezarse pola suma dos catro vértices, que necesariamente só pode ser unha cifra.

